

## PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 1

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 30 de XANEIRO de 2006, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

1.- Acta anterior. (Sesión extraord. 21.11.05)

#### ALCALDIA

2.- Proposta de substitución de dedicación exclusiva correspondente a un concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular.

3.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 28.11.05 de nomeamento do Interventor Xeral do Concello.

#### URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

4.- Arquivo de expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do convenio formalizado entre "Miraflores Vigo, S.A." e o Concello de Vigo o día 26 de outubro de 1992 e inicio de novo expediente de revisión para os mesmos fins. Expte. 4619/401.

5.- Corrección de erros na modificación puntual núm. 3 do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (Valladares). Expte. 9353/411.+

#### XESTIÓN MUNICIPAL

6.- Aprobación definitiva da modificación dos estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo.

7.- Aprobación inicial de proposta de supresión do artigo 25 dos estatutos do Organismo autónomo municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

8.- Toma de coñecemento de acordo da Xunta de Goberno Local, sesión do 21.10.05, de desafectación de terreos de propiedade municipal pertencentes ó CEIP Emilia Pardo Bazán, afectados por obras no camiño do Chouzo. Expte. 17295/240.

9.- Toma de coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión do 21.10.05, de nova delimitación da propiedade municipal nº 000037, Colexio preescolar Palencia, a solicitude da Consellería de Educación e rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos. Expte. 6774/332.

#### ASUNTOS SOCIAIS

10.- Proposta de denominación da Praza do Pazo Solita. Expte. 261/234.

11.- Denominación de rúas no PAU Cambeses en Lavadores. Expte. 259/234.

12.- Proposta de denominación de rúa e do Complexo Deportivo Municipal da praia de Samil co nome de "Antonio Nieto Figueroa "Leri".

13.- Cambio de denominación do Centro de educación primaria Caixa de Aforros de Vigo por "Centro de educación primaria Caixanova". Expte. 7421/332.

#### MOCIÓNS

- 14.- Moción da Xunta de Voceiros pola defensa das liberdades públicas.
- 15.- Moción do Grupo municipal do PG de adhesión ós actos en memoria de Enrique Peinador Lines.
- 16.- Moción do Grupo municipal do PG relativa ó uso do idioma galego.
- 17.- Moción do Grupo municipal do BNG instando a accesibilidade da páxina web do Concello para as persoas maiores e con discapacidade.
- 18.- Moción do Grupo municipal do BNG propoñendo a ordenación e mellora do tráfico na rúa Marín e laterais.
- 19.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE propoñendo a elaboración dun regulamento de publicidade e comunicación institucional.
- 20.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ó aluguer dos inmobles municipais.
- 21.- Moción do Grupo municipal do PSdeG-PSOE por unha política activa de desenvolvemento eficiente das institucións de interese estratéxico para Vigo.
- 22.- Rogos e preguntas.

#### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE horas do día TRINTA DE XANEIRO para resolve-los asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Vigo, 26 de xaneiro de 2006

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.